



PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA A SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE AUXILIAR DE BIBLIOTECA E ARQUIVO (C2)

Segundo o establecido nas Bases da convocatoria:

“A.1) Primeiro exercicio.

Consistirá en contestar un cuestionario de 20 preguntas tipo test con 3 alternativas de resposta relativas ao temario que figura como Anexo II. Puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo preciso acadar 5 puntos como mínimo para non quedar eliminado/a. Cada pregunta correctamente respostada sumará 0,50 puntos, e non restarán puntuación as preguntas non respostadas ou respostadas erroneamente.

Dita proba terá unha duración máxima de 30 minutos. ”

As respostas correctas marcaranse rodeando a letra da opción elixida. En caso de ter que corrixir, tacharase cun aspa a resposta erroneamente marcada e rodearase a letra da nova opción elixida.

PREGUNTAS:

1.- Segundo a Constitución Española, o Estado ten competencia exclusiva sobre as seguintes materias:

- a) Ordenación do territorio, urbanismo e vivenda.
- b) Xestión en materia de protección do medio ambiente.
- c) Seguridade pública, sen prexuízo da posibilidade de creación de policíaas polas Comunidades Autónomas na forma que se estableza nos respectivos Estatutos no marco do que dispoña unha Lei orgánica.**

2.- A poboación do municipio está constituída por:

- a) Os domiciliados que habiten no municipio.
- b) Todas as persoas que habitan no municipio.
- c) Todas as persoas inscritas no Padrón Municipal.**

3.- Os interesados nun procedemento administrativo teñen dereito a (sinala incorrecta):

- a) Identificar ás autoridades e ao persoal ao servizo das Administracións Públicas baixo cuxa responsabilidade se tramiten os procedementos.
- b) Non presentar documentos orixinais en ningún caso.**
- c) Non presentar datos e documentos non esixidos poas normas aplicables ao procedemento que se trate, que xa se atopen en poder das Administracións Públicas ou que foran elaborados por éstas.

4.- Non é unha competencia propia do concello:

- a) O abastecemento domiciliario de auga.
- b) A asistencia social primaria.**



c) A infraestrutura viaria.

5.- O Manifesto IFLA/UNESCO pola Biblioteca Pública (2022), di que as bibliotecas son:

a) As bibliotecas públicas son centros sociais que facilitan aos seus usuarios o acceso a toda clase de información e coñecemento.

b) As bibliotecas públicas son centros locais que facilitan aos seus usuarios o acceso a toda clase de información e coñecemento.

c) As bibliotecas públicas son centros locais que facilitan aos seus usuarios o acceso a toda clase de documentación e coñecemento.

6.- Elixe a afirmación incorrecta en relación ao ISBN (International Standard Book Number)

a) O ISBN non é obrigatorio para obter o Depósito Legal.

b) O ISBN protexe os dereitos literarios e de autoría.

c) O ISBN non ten como misión valorar a calidade das publicacións.

7.- Segundo o artigo 17 da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, as bibliotecas locais son aquelas bibliotecas de titularidade municipal que cumpren as condicións necesarias para prestaren o servizo de lectura pública nunha área de poboación de entre:

a) 3.000 e 10.000 habitantes.

b) 2.000 e 20.000 habitantes.

c) 2.000 e 10.000 habitantes.

8.- Que é GaliciaLe? Sinale a resposta correcta:

a) GaliciaLe é a plataforma de préstamo de libros, revistas, audiolibros e películas en formato electrónico das bibliotecas públicas galegas que ten por obxectivo facilitar o acceso de toda a cidadanía á cultura.

b) GaliciaLe é a plataforma de préstamo de libros en formato electrónico das bibliotecas públicas galegas que ten por obxectivo facilitar o acceso de toda a cidadanía á cultura.

c) GaliciaLe é a plataforma de préstamo de libros e revistas en formato electrónico das bibliotecas públicas galegas que ten por obxectivo facilitar o acceso de toda a cidadanía á cultura.

9.- Unha biblioteca pública é:

a) Xeral polos seus fondos e polos seus usuarios.

b) Xeral polos fondos e especializada polos seus usuarios.

c) Especializada polos fondos e polos seus usuarios.

10.- Cando un usuario é dado de alta nunha biblioteca municipal de Galicia xestionada polo sistema Koha, este asígnalle un contrasinal:

a) Que lle da acceso ás plataformas de préstamo electrónico das bibliotecas públicas galegas.

b) Que lle permite entrar en eBiblio se é menor de 14 anos, coa consignación de autorización parental.

c) Ningunha das anteriores é correcta.

11.- O expurgo:

a) É seleccionar certos documentos da biblioteca para retiralos ou trasladalos a outra zona.

b) Serve para retirar exemplares duplicados.

c) Todas as respostas son correctas.



12.- O código do formato MARC que subministra información complementaria sobre o contido dos campos variables denomínase:

- a) Etiqueta.
- b) Identificador.
- c) Indicador.**

13.- As actividades de Ler conta moito enmárcanse dentro de actividades de:

- a) Extensión cultural.
- b) Animación á lectura.**
- c) Extensión bibliotecaria.

14.- Que é unha clasificación orgánica de documentos?

- a) Unha clasificación segundo as accións ás que fan referencia os documentos.
- b) Unha clasificación que agrupa os documentos segundo o entramado da organización que os produce.**
- c) Unha clasificación que agrupa os documentos polo seu contido.

15.- Un arquivo debe organizarse:

- a) Seguindo o principio de procedencia.**
- b) Por materias.
- c) Por datas.

16.- Que son os ingresos extraordinarios?

- a) Tódolos ingresos que non proceden das transferencias.**
- b) As transferencias de documentos de apoio informativo.
- c) Ningunha resposta é correcta.

17.- Se nos fixamos na actividade da institución que xerou un fondo documental, a clasificación documental será:

- a) Por materias.
- b) Orgánica.
- c) Funcional.**

18.- Segundo a Lei 7/2014 de arquivos e documentos de Galicia, con carácter xeral, agás disposición legal que estableza un prazo distinto, os límites e exclusións dereito de acceso desaparecerán:

- a) Transcorridos 10 anos desde a produción dos documentos.
- b) Transcorridos 20 anos desde a produción dos documentos.
- c) Transcorridos 30 anos desde a produción dos documentos.**

19.- Cal é a Norma Galega de Descrición Arquivística?

- a) NOGADA.**
- b) ISAD (G).
- c) NEDA.

20.- Cales son as áreas utilizadas para a descrición de documentos nun arquivo segundo a Norma Galega de Descrición Arquivística?

- a) Identificación, contacto, descrición, servizos, control e vinculación da institución c documentos de arquivo e os seus produtores.
- b) Identificación, descrición, relacións, estrutura, control, documentación asociada e notas.



c) Identificación, contexto, contido e estrutura, condicións de acceso e utilización, documentación asociada, notas e control da descrición.

RESERVA:

1.- O prazo para ditar resolución do Recurso de Reposición será de:

- a) 1 mes.**
- b) 3 meses.
- c) 2 meses.

2.- De que arquivos difunde o portal “Galiciana, Arquivo Dixital de Galicia” o seu patrimonio documental?

- a) Arquivo de Galicia, os arquivos históricos xestionados pola Xunta de Galicia e os de administracións locais.
- b) Dos arquivos autonómicos e municipais galegos.
- c) Arquivo de Galicia, os arquivos históricos xestionados pola Xunta de Galicia, os de administracións locais, de centros docentes, de institucións e organismos cultural e sindical de interese para Galicia e de institucións eclesiásticas.**

3.- O préstamo pode ser:

- a) Individual, colectivo, persoal e interbibliotecario.
- b) Individual, colectivo e interbibliotecario.**
- c) Individual, domiciliario ou interbibliotecario.

